CONSENTIMENTO EXPRESO PARA PARTICIPAR NA INVESTIGACIÓN

NOME E APELIDOS DA PERSOA PARTICIPANTE NA INVESTIGACIÓN

DNI DA PERSOA PARTICIPANTE NA INVESTIGACIÓN:

Proposta de título do proxecto de investigación:

Nome e apelidos da persoa investigadora (estudante):

Breve descrición do proxecto (Obxectivos/beneficios esperados do proxecto; duración; lugar de realización, método)

Información sobre o proceso (enquisa ou entrevista de opinión, avaliación psicolóxica mediante tests...; número de contactos que se realizarán e datas; descrición de riscos e/ou molestias e medidas para minimizalos, e outra información que se considere de interese)

Información sobre voluntariedade e dereito de revogación. A participación é voluntaria, a negativa a facelo ou a retirada posterior, non ten perxuízos nin conleva medidas na súa contra: Datos da persoa coa quen contactar para facer efectiva a revogación a posteriori do consentimento. Dereito a elixir qué facer cos datos obtidos até ese momento (destrución ou anonimización / conservación). A persoa investigadora pode tomar a decisión de excluílo/a do estudo.

Información sobre o carácter altruista da participación (Infórmase do carácter altruísta da participación e, no seu caso, da existencia de compensación polo tempo dedicado e as molestias ocasionadas (con indicación do tipo e contía da compensación).

Información sobre o destino dos datos una vez finalizada a investigación. Infórmase do que se fará cos datos ao remate da investigación (destrucción ou conservación por un tempo) e do seu dereito a elixir un destino distinto.

Información sobre o dereito a coñecer os resultados. Indícase qué tipo de acceso aos resultados se lle poderán facilitar se o solicita (resultados individuais, resultados xerais, publicacións, ...).

Información sobre protección de datos e deber de confidencialidade. Infórmase do deber e compromiso de confidencialidade de calquera persoa que, en razón do seu traballo ou colaboración coa investigación teña acceso a eles. Infórmase do cumprimento da lexislación de protección de datos conforme á cláusula informativa que se acompaña[1].

Información sobre a a probación do Comité de ética na Investigación. Infórmase da data de aprobación polo Comité de ética na investigación da USC ou doutro Comité de Ética na Investigación que proceda.

Identificación da persoa que informa. Nome e apelidos da persoa que proporciona a información e responde ás cuestións formuladas.

[1]A recomendación do Comité de ética na investigación é que o Consentimento Informado e a Cláusula de Protección de Datos se cumprimenten e asinen por separado

☐ Confirmo que lin e entendín o documento informativo que precede a este formulario, e que tiven a oportunidade de formular preguntas e dúbidas relativas ao mesmo.

☐ Confirmo que recibín respostas e aclaracións satisfactorias ás miñas preguntas.

☐ Entendo que son libre de abandonar o estudo en calquera momento, sen necesidade de explicar as razóns do meu abandono e sen ningún tipo de consecuencias para min.

☐ Entendo que este estudo non ten finalidade diagnóstica, polo que non recibirei un informe individualizado dos meus resultados nas probas.

☐ Consinto en participar no estudo arriba indicado.

☐ Consinto que a información recollida nesta investigación poida ser empregada, con garantía do meu anonimato, en traballos futuros da mesma liña de investigación e en traballos académicos de estudantes dirixidos pola persoa investigadora.

☐ Consinto que a información recollida nesta investigación poida ser compartida, con garantía do meu anonimato, con outros equipos a través de redes ou repositorios de investigación colaborativa, con fins de investigación sen ánimo de lucro.

☐ Consinto que se me poida contactar no futuro para propoñerme participar nunha eventual continuidade desta investigación

☐ Recibo unha copia deste documento.

A persoa participante,	**A persoa investigadora que recada o consentimento,**
Data:	**Data:**
Sinatura:	**Sinatura:**